

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

RESOLUCIÓN do 16 de xaneiro de 2018 pola que se publican as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida correspondentes ao ano 2018.

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu artigo 42.9 establece que os plans xerais deberán prever unhas reservas de solo para a vivenda suxeita a algún réxime de protección pública que, como mínimo, comprenderán os terreos necesarios para realizar o 30 % da edificabilidade residencial prevista pola ordenación urbanística no solo urbanizable e no solo urbano non consolidado regulado no artigo 17.b).1. Esta proporción será do 10 % no suposto do solo urbano non consolidado regulado no artigo 17.b).2. No suposto do solo urbano non consolidado regulado no artigo 17.b).3 non será obrigatorio prever unha reserva para vivenda suxeita a algún réxime de protección.

Excepcionalmente, os plans xerais, atendendo á demanda real de vivenda protexida, poderán fixar unha reserva inferior axustada á porcentaxe de reserva total de solo para vivenda protexida do concello e aos diferentes réximes de vivenda protexida. A porcentaxe de reserva total do concello determinaráa anualmente o Instituto Galego da Vivenda e Solo, con base nos inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia. A resolución que determine esta porcentaxe será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Cando se produza unha variación de máis ou menos dous puntos porcentuais da porcentaxe de reserva total de solo para vivenda protexida do concello establecida no plan xeral respecto da última publicada, o pleno do concello, por maioría absoluta, e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, deberá acordar a modificación das porcentaxes de reserva e axustalas á resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Estarán exentos das reservas de solo reguladas neste punto aqueles concellos que contén con menos de 5.000 habitantes inscritos no padrón municipal no momento da aprobación inicial do plan xeral, cando este non conteña previsión para novos desenvolvementos urbanísticos en solos clasificados como urbanos non consolidados e urbanizables que na totalidade do municipio superen as 300 vivendas.

A citada lei deixa á consideración do Instituto Galego da Vivenda e Solo a determinación anual da referida porcentaxe; para tal efecto, o citado organismo, mediante Resolución



do 15 de febreiro de 2017 (DOG nº 42, do 1 de marzo), estableceu o método de cálculo aplicable.

Por todo o exposto, e en función das atribucións que me confire o artigo 12 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo,

ACORDO:

Primeiro. Establecer as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida para o ano 2018 que figuran no anexo desta resolución.

Segundo. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo da listaxe das ditas porcentaxes.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2018

Heriberto García Porto
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

ANEXO**Porcentaxe de reserva de solo para vivendas protexidas por concellos de máis de 5.000 habitantes**

Porcentaxe media para o conxunto de Galicia: 4,93 %.

Concello	Inscritos	Padrón	PRTC	Porcentaxe aplicable
Abegondo	4	5.467	0,73 %	4,93 %
Allariz	26	6.026	4,31 %	4,93 %
Ames	110	30.835	3,57 %	4,93 %
Ares	5	5.658	0,88 %	4,93 %
Arteixo	91	31.534	2,89 %	4,93 %
Arzúa	0	6.123	0,00 %	4,93 %
Baiona	23	12.169	1,89 %	4,93 %
Barbadás	2	10.791	0,19 %	4,93 %
Barco de Valdeorras, O	26	13.581	1,91 %	4,93 %
Bergondo	9	6.623	1,36 %	4,93 %



Concello	Inscritos	Padrón	PRTC	Porcentaxe aplicable
Betanzos	19	12.941	1,47 %	4,93 %
Boiro	12	18.885	0,64 %	4,93 %
Brión	64	7.699	8,31 %	8,31 %
Bueu	9	12.145	0,74 %	4,93 %
Burela	27	9.524	2,83 %	4,93 %
Caldas de Reis	3	9.825	0,31 %	4,93 %
Camariñas	0	5.419	0,00 %	4,93 %
Cambados	12	13.900	0,86 %	4,93 %
Cambre	143	24.348	5,87 %	5,78 %
Cangas	52	26.490	1,96 %	4,93 %
Cañiza, A	2	5.233	0,38 %	4,93 %
Carballiño, O	14	13.854	1,01 %	4,93 %
Carballo	19	31.195	0,61 %	4,93 %
Carral	5	6.237	0,80 %	4,93 %
Castro de Rei	1	5.013	0,20 %	4,93 %
Cedeira	1	6.888	0,15 %	4,93 %
Cee	3	7.539	0,40 %	4,93 %
Celanova	1	5.455	0,18 %	4,93 %
Cerdedo-Cotobade	0	6.107	0,00 %	4,93 %
Chantada	27	8.371	3,23 %	4,93 %
Coristanco	3	6.313	0,48 %	4,93 %
Coruña, A	2.006	244.099	8,22 %	8,22 %
Culleredo	146	29.982	4,87 %	4,93 %
Estrada, A	12	20.700	0,58 %	4,93 %
Fene	25	13.110	1,91 %	4,93 %
Ferrol	624	67.569	9,24 %	9,24 %
Foz	67	9.931	6,75 %	6,75 %
Gondomar	18	14.233	1,26 %	4,93 %
Grove, O	1	10.746	0,09 %	4,93 %
Guarda, A	3	10.051	0,30 %	4,93 %
Guitiriz	1	5.512	0,18 %	4,93 %



Concello	Inscritos	Padrón	PRTC	Porcentaxe aplicable
Lalín	13	20.075	0,65 %	4,93 %
Laracha, A	8	11.281	0,71 %	4,93 %
Lugo	757	97.995	7,72 %	7,72 %
Malpica de Bergantiños	0	5.518	0,00 %	4,93 %
Marín	44	24.637	1,79 %	4,93 %
Meaño	0	5.318	0,00 %	4,93 %
Melide	3	7.503	0,40 %	4,93 %
Miño	4	5.905	0,68 %	4,93 %
Moaña	39	19.439	2,01 %	4,93 %
Monforte de Lemos	72	18.783	3,83 %	4,93 %
Mos	36	15.132	2,38 %	4,93 %
Mugardos	7	5.303	1,32 %	4,93 %
Muros	0	8.792	0,00 %	4,93 %
Narón	196	39.280	4,99 %	4,99 %
Neda	5	5.165	0,97 %	4,93 %
Negreira	2	6.883	0,29 %	4,93 %
Nigrán	28	17.622	1,59 %	4,93 %
Noia	22	14.295	1,54 %	4,93 %
Oleiros	108	35.198	3,07 %	4,93 %
Ordes	4	12.580	0,32 %	4,93 %
Oroso	14	7.452	1,88 %	4,93 %
Ortigueira	11	5.966	1,84 %	4,93 %
Ourense	226	105.636	2,14 %	4,93 %
Outeiro de Rei	4	5.063	0,79 %	4,93 %
Outes	0	6.514	0,00 %	4,93 %
Oza-Cesuras	0	5.133	0,00 %	4,93 %
Padrón	6	8.463	0,71 %	4,93 %
Pereiro de Aguiar, O	0	6.228	0,00 %	4,93 %
Pobra do Caramiñal, A	2	9.440	0,21 %	4,93 %
Poio	40	16.871	2,37 %	4,93 %
Ponte Caldelas	4	5.562	0,72 %	4,93 %



Concello	Inscritos	Padrón	PRTC	Porcentaxe aplicable
Ponteareas	11	22.893	0,48 %	4,93 %
Ponteceso	0	5.613	0,00 %	4,93 %
Pontedeume	2	7.937	0,25 %	4,93 %
Pontes de García Rodríguez, As	18	10.324	1,74 %	4,93 %
Pontevedra	710	82.671	8,59 %	8,59 %
Porriño, O	107	19.600	5,46 %	5,46 %
Porto do Son	1	9.271	0,11 %	4,93 %
Redondela	39	29.392	1,33 %	4,93 %
Rianxo	18	11.188	1,61 %	4,93 %
Ribadavia	20	5.095	3,93 %	4,93 %
Ribadeo	35	9.962	3,51 %	4,93 %
Ribadumia	15	5.081	2,95 %	4,93 %
Ribeira	21	27.159	0,77 %	4,93 %
Rosal, O	1	6.328	0,16 %	4,93 %
Sada	20	15.242	1,31 %	4,93 %
Salceda de Caselas	11	9.017	1,22 %	4,93 %
Salvaterra de Miño	8	9.657	0,83 %	4,93 %
San Cibrao das Viñas	1	5.184	0,19 %	4,93 %
Santa Comba	1	9.477	0,11 %	4,93 %
Santiago de Compostela	739	96.456	7,66 %	7,66 %
Sanxenxo	19	17.241	1,10 %	4,93 %
Sarria	52	13.359	3,89 %	4,93 %
Silleda	5	8.669	0,58 %	4,93 %
Soutomaior	10	7.242	1,38 %	4,93 %
Teo	7	18.478	0,38 %	4,93 %
Tomiño	2	13.585	0,15 %	4,93 %
Tui	18	16.860	1,07 %	4,93 %
Valdoviño	6	6.594	0,91 %	4,93 %
Valga	0	5.986	0,00 %	4,93 %
Vedra	0	5.051	0,00 %	4,93 %
Verín	30	13.889	2,16 %	4,93 %



Concello	Inscritos	Padrón	PRTC	Porcentaxe aplicable
Vigo	3.731	292.986	12,73 %	12,73 %
Vila de Cruces	8	5.389	1,48 %	4,93 %
Vilaboa	9	6.023	1,49 %	4,93 %
Vilagarcía de Arousa	194	37.479	5,18 %	5,18 %
Vilalba	44	14.354	3,07 %	4,93 %
Vilanova de Arousa	1	10.361	0,10 %	4,93 %
Vimianzo	0	7.270	0,00 %	4,93 %
Viveiro	32	15.550	2,06 %	4,93 %
Xinzo de Limia	19	9.875	1,92 %	4,93 %

